

Máximo Rodríguez López  
Hortal 54  
Barcelona-16

Barcelona. 4-XII-1968

Sr. Dn. Ramón Otero Pedrayo  
Orense.

Moi apreciado Dn. Ramón:

Fai poucos días que recibín a súa moi atenta carta de resposta ó envío da miña peza teatral.

Non se pode dar idea da ledicia que me dá a súa amabilidade. Estoulle moi agradecido polo interés que toma polas miñas cousas. Sempre que recibo noticias de Vde., acúdeme o pensamento o gran Dn. Ramón Caballero que foi quen me deu folgos pra escribir. Tamén era un gran conselleiro i amigo.

Con tantos problemas e tanto traballo que ten Vde. como lle acontecía ó eiximio cambadés, é de admirar a paciencia que teñen con nos, os novatos, que falo por min, sentiríame feliz a seu carón adreprendido pra ser de proveito da nosa caste.


A miña obra teume quitado moitas horas, i non correxido moito. Engadíulle moitas esceas. E non daba co final, co desenlace que me agradara. Non sei como, estes días ocurriuse o epílogo que lle mando oxe. Mandolle pra engadilo á obra que lle mandei. Parecelle mellor remate? Faría o ridículo caso de

publicala? Pégolle que cando teña un anaquino de tempo, lle dea unha ollada e me diga o parecer que lle merece. A miña idea é mandalo a "Celta" pra que mo editen pro día das letras galegas.

"Poemas Populares Galegos" que apareceu en agosto, está casi todo vendido e iso dáme folgos pra seguir; pero non me vira' mal o seu consello. Eu estou encegado nunha idea e non vexo os meus defectos.

Perdoe tanta molestia. Vde que sempre estivo arrebeado da xuventú comprende a miña inquietud. Eu estolle moi recoñecido.

Reciba un saúdo moi cordial do s.-s.-s



P. S. Na escena 2ª do último acto suprimo ~~o~~ o referente a morte de Dr. Eusebio. Somentes conto que está' preso. O resto do diálogo permanece.